

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de febreiro de 2022**

Ás 17.42 horas do día 17 de febreiro de 2022, reúnese a Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, no salón de plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Popular:

D. César Manuel Fernández Gil

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste a deputada do Grupo Popular dona Consuelo Vispo Seara (substituída por don Álvaro José Fernández López) nin a deputada do Grupo Socialista dona Susana Rodríguez Estévez (substituída por dona Rosario Rodríguez Delgado).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 20 DE XANEIRO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 20 de xaneiro de 2022.

Non se producen intervencións e por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente do día 20 de xaneiro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, indica que na comisión anterior fixeron unha pregunta sobre a Serra do Larouco.

A **presidenta da comisión** responde que naquel momento xa indicou que avogaba pola compatibilización dos usos e sempre polo respecto do medio ambiente. Engade que houbo unha reunión sobre o día 21 de xaneiro entre veciños do concello e responsables das empresas e Iberdrola manifestou que ía facer unha muda do proxecto. Estaremos atentos e á espera do que poida pasar e sempre pensando na preservación do uso medioambiental que teña a Serra do Larouco.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, di que saíu na prensa unha visita institucional do cociñeiro Martín Berasategui na provincia de Ourense e pregunta se lles podían achegar a axenda institucional e se tivo algún custo para a propia Deputación.

D. Bernardo Varela López, do BNG, pregunta se temos algunha novidade sobre o espazo termal que se quere crear no propio Pazo Provincial.

A **presidenta da comisión** responde que dende a última comisión, aínda non teñen ningún avance, se teñen algunha noticia de interese irana trasladando a esta comisión.

E, ás 17.45 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

